

**Xoves, 26 de xuño de 2008.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1:30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Imaxe: **Antonia Magide**. Coordina: **Antonio Reigosa**

O Museo Provincial de Lugo creouse por acordo da Deputación de Lugo o 29 de febreiro de 1932 e inaugurouse oficialmente o 10 de xaneiro de 1934. O *Pazo das musas* súmase aos actos conmemorativos do 75 aniversario dedicando parte dos contidos ás persoas, coleccións e historia desta institución.

## SUMARIO

### Portada musical

Tema: *Asexo*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

### Presentación

*Pulso cívico*, por **Xosé M. González (10')**

### Música

Tema: *A barca dos amantes*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

### Memorias do Museo

*O Museo Provincial de Lugo na prensa entre 1940-1945*, por **Fernando Arribas Arias (10')**

### Música

Tema: *Adeus*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

### Narración

*A serpe de pedra (I)*, por **Agustín Fernández Paz (7')**

### Música

Tema: *Pobre poesía*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

### Exposición

*Zero en conduta*, por **Vicente Blanco**, coordinador da exposición de traballos dos alumnos da Escola

Universitaria de Formación do Profesorado da USC, Lugo (10')

### Música

Tema: *Nacer*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

### Narración

*A serpe de pedra (II)*, por **Agustín Fernández Paz (7')**

### Música

Tema: *Sol nacente*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

### Narración

*A serpe de pedra (e III)*, por **Agustín Fernández Paz (7')**

### Opinión

Intervención do público asistente (3')

### Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da *Rede Museística* da Deputación de Lugo (3')

### Contraportada musical

Tema: *Nube*.

Intérprete: **Xoán Curiel (3')**

## COLABORAN NESTE NÚMERO

### **Arribas Arias, Fernando**

Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e Historiador de Cine, leva publicados diversos traballos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferenciante e investigador, actualmente prepara a súa Tese de Doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

### **Blanco, Vicente**

Licenciado en Belas Artes, Universidade de Vigo, Profesor de Educación Artística na USC. Fixo exposicións individuais en (2006) *Otra vez algo nuevo*, Galería Elba Benítez, Madrid; (2004) *Alguna vez pasa cuando estáis dormidos*, Espacio Uno, Museo Nacional Arte Contemporáneo Reina Sofía, MNCARS, Madrid; (2003) *Lo que se espera de nosotros*, Centro Galego Arte Contemporánea, CGAC, Santiago de Compostela. Participou en exposicións colectivas como (2007) *Fantasmagoría*, Fundación ICO, Madrid; *Geopolíticas de la animación*, CAAC, Sevilla; *El puente de la visión 2008*, Santander; *Existencias*, MUSAC, León; (2006). Becas: Unión Fenosa, MACUF, A Coruña; 16x16, 16 proyectos de Arte Español, ARCO 06, Madrid, Edition 3, Hangart-7, Salzburg *Urbanitas*, MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, Vigo. Destino Santiago de Compostela, Instituto Cervantes de Sofía, Bulgaria. XVI Certamen de Artes Plásticas de la UNED, Madrid. Premios e becas: 2005-2007, Beca Endesa, 2003-2005 Beca de creación Artística Unión FENOSA 2000-2001, Beca de Proyectos Generación 2000, Caja Madrid. 1999-2000, Beca Deputación d'A Coruña para Ampliación de Estudios Artísticos, CGU, Los Ángeles, California.

### **Curiel, Xoán**

Canta as súas creacións en lingua galega e algunha poesía doutros autores galegos e portugueses. Nelas existe unha marcada influencia dos ritmos étnicos do mundo

(música tradicional galega, do Africa subsahariana, árabes, e sons latinos). No ano 2007 actuou por toda Galicia a través dos circuítos da Deputación e dentro do ciclo “Música ao Vivo 2007” e tamén en Portugal no ciclo “Outonalidades’07”. Tras anos de experiencia tocando en Galicia, Italia (Livorno), Barcelona, Alicante, Valencia e Madrid, este artista presenta en setembro o seu primeiro disco.

### **Fernández Paz, Agustín**

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947). Perito Industrial Mecánico, Mestre, Licenciado en Ciencias da Educación. Traballou no ámbito do ensino ata o ano 2007. Na actualidade dedícase só á escritura. Foi membro fundador do Colectivo Avantar e de Nova Escola Galega. Pertenceu ao Gabinete de Estudios para a Reforma Educativa. Foi un dos redactores do “Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega”. É membro da sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. No ano 2001, os concellos da Terra Chá dedicáronlle o Día das Letras Chairegas. Como autor de literatura infantil e xuvenil publicou máis de corenta libros, a maioría traducidos a diversas linguas: *As flores radioactivas*, *Contos por palabras*, *Rapazas*, *Trece anos de Branca*, *Cartas de inverno*, *O centro do labirinto*, *Cos pés no aire*, *As fadas verdes*, *Aire negro*, *No corazón do bosque*, *O meu nome é Skywalker*, *Noite de voraces sombras*, *A escola dos piratas*, *Corredores de sombra...* O seu último libro é *O único que queda é o amor* (Premio Neira Vilas ao mellor libro de LIJ do 2007. Premio da AELG ao mellor libro xuvenil do ano).

### **González, X. Manuel**

Lugo, 1954. Licenciado en Filoloxía Hispánica e Románica. Traballou como corrector no seminario *A Nosa Terra* e conta cunha longa traxectoria como activista cultural e social, especialmente significativa arredor da catástrofe do *Prestige*. Colabora con artigos de opinión en *El Progreso* e en *xornal.com*. É autor de *Trobadores de Lugo*, 2008, e, en colaboración con Paco Martín, de *Alvaro Cunqueiro. Unidades didácticas*.

.....